

A FRANQUEIRA UN PASEO MIUDIÑO POLA SÚA HISTORIA

Virxe da Fonte querida,
que achegas tantos romeiros
que veñen a rendir gracias
por favores que tes feito,
eu tamén, miña Naiciña,
agradecido ó teu Neno,
ás túas prantas me postro.

(Ramón Cabanillas. Romaxes da Franqueira)

Non son poucos os lugares ós que remitirse ós comezos non resulta nada doado. Un deles é o do Santuario da Franqueira, unha das advocacións marianas máis antigas de Galicia, xunto á Virxe da Barca de Muxía e as Ermidas de Viana do Bolo. Situámonos no Século VII e, facémolo da man dos primeiros eremitas que vivían na montaña da Paradanta. Alí, posiblemente co gran impulso do evanxelizador do noroeste, San Martiño de Dumio e baixo regra de San Fructuoso de Braga, vivían os primeiros habitantes do que posteriormente sería o cenobio franqueirán. O nome mesmo, de orixe xermánico, refírese a este feito, “o lugar dos homes libres, ou homes honrados”. Isto mesmo recollerá o primeiro dos documentos onde se cita a Franqueira. Un privilexio do 9 de xuño de 1056 onde o Rei Fernando I realiza unha serie de doazóns ó mosteiro “in ipsa villa francaria”, sendo abade Alvito, e que fala duns santos varóns.

Será en repetidas ocasións cando se citan non so os privilexios, senón tamén as doazóns e agasallos que lle entregan á Virxe diversos persoeiros do antigo. Así, en xuño de 1147, o rei Alfonso VII confirma en favor do abade Odoario e os seus monxes os dereitos das posesións herdadas de antigo e engadindo o privilexio do coto para o territorio circundante do mosteiro. Estes datos falan de por si da importancia e expansión que nese momento tiña a devoción á Virxe da Fonte.

Será a devoción popular a que conserve a orixe, máis catequética que lexendaria, do achado da imaxe no lugar coñecido como o Coto da vella. Así, nunha transmisión oral, recollida xa polo P. Villafañe no S. XVIII, lévannos a ese misticismo propio dos espazos sagrados que nos achegan ó Señor. Os elementos propios son símbolos universais que falan por si mesmo, e que foron tan pedagoxicamente recollidos nos tres apartados da exposición “Magnificat” que tivo lugar en Vigo entre os meses de setembro e outubro. A pedra, a auga e a luz, son a percepción de diversas facetas da revelación. A pedra coa que foi elaborada a imaxe da Virxe, auga, coa que se define o seu nome e luz, coa que se manifesta no medio da montaña.

Pero volvamos ó percorrido da historia. Recollendo o testemuño de Frei Nicolás de Robles, redactor do Tumbo da Franqueira no ano 1656 e que se custodia na Biblioteca Nacional, será no ano 1293 cando se comeza construír o novo templo. Son os monxes cistercienses que continúan a vida monacal neste lugar. Como ben é sabido os monxes brancos teñen baixo o patrocinio da Virxe María as súas casas, e esta é denominada polos visitantes da orde “o noso devoto mosteiro”. Na actualidade é a única imaxe románica, dentro dos muros cistercienses, na que se mantén o culto desde a idade media de forma continua en toda Galicia, excluindo o mosteiro de Ferreira de Pantón.

A vida monacal incluía a atención, non so espiritual dos fieis, senón asemade, unha dedicación tamén material. A xurisdicción dos monxes estaba presente en toda a comarca, en concreto nos lugares circundantes e, en concreto na parroquia de Uma desde o ano 1455 e o antigo mosteiro de Casteláns, entregado polo Bispo Diego de Muros no ano 1481. A incorporación do mosteiro á Congregación de Castela en 1521 fai que perda a categoría abacial e pase a ser presidencia. Poucos monxes e rendas baixas impuñan o presidente desde Valladolid e obrigaban a ós pagos para o sostemento do Colexio do Salvador na capital castelá. Os intentos do Conde de Salvaterra por aumentar as rendas non permitiron a recuperación do seu rango. O señores de Salvaterra, desde D. Payo Sorrodea e Soutomaior, sempre tiñan unha preferencia especial por este mosteiro, igual que polo de Melón. O seu escudo está labrado en varios lugares, un deles no tímpano da portada románica. Moitos dos seus presidentes ocuparán cargos destacables dentro da orde como visitantes ou ministros xerais.

O escrito referido de Frei Nicolás recolle moitas das obras levadas a cabo polos monxes. Edificacións, hoxe desaparecidas, que revelan o empeño polo coidado do culto e da vida, non so do edificio, senón tamén dos seus moradores e dos pobos ó seu cargo. Non esquece os conflitos, moitas veces levados á xustiza polas rendas, o coidado dos montes e dos gandos, as levadas e o coidado dos privilexios. No mesmo rigor explica como se perderon algunhas das propiedades e os cobros dunhas rendas pola desidia dalgúns dos presidentes. É unha magoa que esta documentación, xunto cos libros de contas e outros escritos estean tan lonxe de nós. Aínda así algúns historiadores facilítannos os datos gracias ás súas investigacións.

O templo, na súa traza máis antiga, responde ós criterios do cister e segue a conservar, cos engadidos propios da historia, ese ambiente propio da orde. Non cabe dúbida que, despois da imaxe da Virxe da Franqueira, o mellor expoñente da obra realizada polos monxes é a entrada do templo. Transcribo o apartado dedicado á portada realizado por Dona Marta Cendón e publicado no catálogo da exposición “Magníficat”.

“É a peza clave para tratar cuestións de cronoloxía, estilo e iconografía que converten a igrexa da Franqueira nun dos exemplos máis relevantes do gótico da diocese de Tui-Vigo.

Polo que respecta á cronoloxía, contamos cun epígrafe fundamental baixo o lintel. Segundo a transcripción de Ávila y La Cueva, rezaría:

Era MCCCLXXXI. Frei Gonzalo Primo hei que començou e acabou.

Se seguimos o aquí indicado, estaríamos no ano 1343, data que podería coincidir co remate xeral do edificio que, segundo Frei Nicolás de Robles, tería a súa orixe en 1293, ano no que *“se fundou, edificou e dedicou, esta santa casa e Templo”*. En efecto, esta data que se adoita considerar a da súa adscrición ao Císter, sería, como xa se indicou, a do inicio da edificación, para unha comunidade benedictina, nun centro onde o culto mariano ten especial importancia. Pola súa banda este arco cronolóxico coincide ben, como a continuación se indicará, co estilo que, desde a Claustra Nova ourensana, se expande por outros núcleos galegos.

Pero antes das consideracións de estilo convén insistir no epígrafe onde se menciona o nome do impulsor, Frei Gonzalo I. Descoñecemos quen era este personaxe. Non temos constancia de que os cargos de abade tivesen relación cos promotores laicos dos mosteiros; é máis, se repasamos os abadoloxios dos mosteiros galegos, tan só aparece o nome do abade, en moitos casos homónimos, o que levou a certos erros na interpretación da documentación, e non é ata finais do XIII cando comeza a aparecer algún apelido, un só, que non permite establecer ningunha vinculación coa nobreza da época. Trátase dun Gonzalo, o primeiro deste nome, e coincidimos con Valle en que pode corresponderse co que en posición de donante figura no tímpano, xa que na súa indumentaria apréciase con claridade a cogulla. Rectificamos pois o que publicamos noutro lugar, onde considerabamos que podía tratarse do bispo Juan Fernández de Sotomayor I, xa que, de ser así, portaría a indumentaria propia da condición episcopal, como se pode apreciar no exemplo de Santa María a Nova de Noia, promovida polo arcebispo compostelano Frei Berenguel de Landoria. Porén, no tímpano, a pesar do desgaste, aprécianse dous brasóns pertencentes á liñaxe de Sotomayor que, como xa se indicou, posúe unha especial vinculación co mosteiro. Neste sentido, non posuímos datos que permitan afirmar que Frei Gonzalo fose un Sotomayor e, xa que logo, lle correspondesen a el os brasóns, pero polo seu tamaño, e o propio feito de figurar os tiracoles, indicarían o recoñecemento dunha liñaxe no medio dunha temática relixiosa. Sánchez Ameijeiras sinalou como esta presenza dos tiracoles era frecuente nas arcas dalgúns sarcófagos, sobre os que efectivamente se colgaban os emblemas heráldicos. Ela mesma descoñece a existencia de cerimoniais nas que se colgasen os brasóns nas portadas e, considerando que estamos ante unha igrexa cisterciense, apóiase nalgunhas metáforas de San Bernardo que comparaban o templo de Salomón coa sobriedade dos templarios en cuxas casas, eses monxes cabaleiros, colgaban tan só os escudos. Na súa argumentación conclúe que en Galicia a obra de *“Bernardo viría, en cambio, a xustificar a intromisión dos cabaleiros nos asuntos monásticos e o seu protagonismo na decoración das portadas”*. Tendo en conta as novidades que aquí se aportan, non sería necesario explicar o tímpano nun contexto do Císter, moito máis reticente coa imaxe, senón cun mosteiro benedictino. Así mesmo, como se indicou, os Sotomayor protexen A Franqueira desde o seu inicio, e non necesitamos a presenza dun membro laico da liñaxe, pois é moi posible, como indicou Limia, que o bispo da diocese don Juan Fernández de Sotomayor I teña desempeñado un papel fundamental

na construción da igrexa, así como o outro bispo da mesma liñaxe na súa introdución na orde do Císter. Doutra banda, cara a finais do século XIV será a cabeza da liñaxe, Paio Sorred, quen lle faga donacións. De todo iso, ademais dos brasóns da portada, quedaron mostras, como outra labra heráldica hoxe reutilizada na casa reitoral.

Desde o punto de vista do estilo, unha das cuestións que pode chamar a atención é a directriz semicircular das arquivoltas. Con todo, non son estraños os exemplos galegos, nos que, non só se observa esta directriz -así o tímpano da fachada da igrexa de San Fiz de Solovio (Santiago), de 1316, ou o de Santa María a Nova de Noia, de 1327-, senón que hai unha clara coincidencia no tema -a Epifanía e a presenza do donante- e ata na cronoloxía, plasmada en senllos epígrafes e correspondente, en todos os casos, á primeira metade do século XIV.

Por outra banda, aínda que estilo e iconografía vannos levar ás mesmas fontes, convén insistir de modo global en que o estilo, como xa foi indicado por Manso e por Valle, corresponderíase co que Moralejo denominou "disolución do estilo ourensán", que comezaría en torno a 1320-1325, época na que se difunde de modo notable por algunhas igrexas mendicantes, entre as que destaca, pola súa proximidade xeográfica á Franqueira, o convento de Santo Domingo de Ribadavia que por entón pertencía á sé tudense. As similitudes ornamentais nesta fachada con motivos propios do devandito estilo son enormes: a decoración de bólas, octifolias con botón central e puntas de diamante que marcan tres das catro arquivoltas, e mesmo a estrutura do van de acceso, así como a súa decoración floral, con rosetas, que resulta moi semellante á portada lateral norte da igrexa de Santo Domingo de Ribadavia, datada por Manso ca.1310.

Pola súa banda, na ornamentación das columnas da fachada reitéranse as bólas, un trezado, e aparecen curiosos castelos e cunchas de vieira. A presenza de desgastados leóns e castelos nos plintos sobre os que descansan as columnas, habería de poñerse en relación con motivos tamén frecuentes nos conxuntos mendicantes; é o caso da portada occidental de San Francisco de Betanzos, pero así mesmo son motivos que se representan en capiteis, como os de San Francisco da Coruña, caso no que Barral indica que pode tratarse da representación do escudo de Castilla e León, como motivo pre-heráldico que se repite nun capitel procedente do convento dominico da Coruña, en San Francisco de Ourense e en Santo Domingo de Ribadavia, unha vez máis, o modelo máis próximo ao conxunto da Franqueira. As veneras quizais fagan referencia ao seu carácter de centro de peregrinación, nunha asimilación coa peregrinación a Compostela.

Para rematar habería que destacar a iconografía. O tímpano non ofrece dificultades na súa análise, xa que se trata dunha epifanía, con numerosos precedentes en Galicia; tampouco presenta dúbidas a primeira das arquivoltas cuxas doelas, en sentido lonxitudinal propio do gótico, están marcadas por anxos turiferarios -á esquerda do espectador-, con senllos libros -a maioría, en especial a ambos os dous lados do dosel que se dispón sobre a Virxe-, con cartela -no lado dereito-, ou coas súas mans xuntas en xesto de oración -lado dereito-. Todos eles evocan os que poboan os arcosolios, cun cabelo propio das múltiples resurxencias mateanas.

O que ofrece máis dúbidas, e á súa vez resulta máis variado por canto recolle diversas influencias, é o conxunto de capiteis. Se comezamos polo flanco norte, apreciamos unha figura feminina axeonllada coas súas mans dispostas en xesto de oración, rodeada por algúns animais, entre os que se aprecian unha aguia e un león; complementaríase co anxo turiferario do seguinte capitel, tras cuxas ás obsérvase un cáprido e un boi. Trataríase dunha escena da Anunciación, tema reiterado en numerosas portadas góticas, por canto supón a promesa de Redención grazas á intervención mariana no seu santuario, ao que se peregrina para obter ou agradecer os favores da Virxe. Os dous animais que acompañan á Virxe corresponderíanse cos símbolos de San Marcos e San Xoán, mentres San Lucas acharíase xunto ao anxo, símbolo, á súa vez, de San Mateo. Pola súa banda, o carneiro sería o animal para o sacrificio, futuro que agarda a ese fillo que o arcanxo Gabriel acaba de anunciar a María. A continuación preséntase un tema que copia un de Santo Domingo de Ribadavia: unha corrida de touros, identificada coa festa popular coñecida como *gallumbos*, na que había un touro enmaromado. O can mordendo a orella do touro, era típica da lidia. A seguir, un monxe que está sufrindo o ataque de dragóns, mentres sostén un libro nas súas mans; trátase de figuras de afiadas dentaduras que evocan as de capiteis, frecuentes entre os mendicantes, como advertencias contra o pecado; o tema faise máis patente no segundo capitel ao lado oposto (comezando neste caso desde o tímpano). Aquí o personaxe sería un laico, con indumentaria curta e cofia sobre os seus cabelos, a quen os dragóns, dous a cada lado entrelazados polas súas colas, están mordendo as súas orellas. En ambos casos intentan distraer da oración ao monxe, que porta o libro, e ao laico, que ten as mans expresando un xesto orante. A presenza de dragóns axexando e en especial dirixíndose ás orellas, segundo Fraga sería unha imaxe de tentación que, nalgúns casos, alude ao pecado da lingua ou maledicencia no que tamén incurren os que escoitan aos murmuradores. Porén cabe ter tamén en conta o papel do mal conselleiro, inductor ao mal camiño. Neste sentido é preciso sinalar o que indicaba Sánchez Ameijeiras a propósito das imprecacións dos predicadores cara aos que se negaban a oír os ensinamentos do sermón, ou que coas súas mofas e charlas disturbaban a atención dos devotos; a iso súmase o que esta mesma autora afirma sobre a particularidade de que os monstros serpentiformes -dragóns, áspides, serpes-, híbridos de reptil, posúen unha connotación referida á xordeira, segundo os Bestiarios medievais, onde se describe aos áspides como animais xordos, en relación co salmo 57, 5 que compara aos calumniadores e aos xuíces inicuos con áspides que se tapan os oídos.

Unha nova alusión á loita contra o mal ponse de manifesto no primeiro capitel ao lado dereito, con dous cuadrúpedos afrontados, unidos por unha soa cabeza, que debido á súa mutilación impide saber se trata de híbridos ou de loita de animais.

O colofón a todo o programa ofréceno os dous últimos capiteis. O terceiro presenta un novo anxo turiferario, rodeado por un animal e unha cabeza humana, e o último tres figuras femininas, a primeira de pé e as outras dúas axeonlladas, as tres en xesto de oración. Podería tratarse das tres Marías ante o sepulcro baleiro ás que o anxo avisa de que Aquel a quen buscaban xa non está alí: resucitou (Lc 24, 4-6).

De ser así completárase todo un ciclo de redención no que María participa de modo decisivo: o arcanxo Gabriel anúncialle que vai ser Nai de Deus, aínda que na escena a presenza do cáprido alude ao animal do sacrificio, futuro que espera a ese Fillo. Ese anuncio faise realidade no tímpano: Cristo naceu e é adorado polos Magos, eles mesmos peregrinos -como todos os que acoden a este santuario-, que o recoñecen como salvador da humanidade, á que eles, homes de *“toda raza, lingua, pobo e nación”* (Ap.5, 9) representan. Os evanxelistas mostran o modo de vencer ao mal, para lograr o fin prometido: morrer ao pecado e resucitar con Cristo (Rom. 6, 1-14). Iso é tamén o que anhelan os peregrinos á Franqueira: que a Virxe interceda para que os seus pecados sexan perdoados e poidan gozar da vida eterna. Esa vida do ceo, que o propio dosel que se dispón sobre a cabeza da Virxe -e evoca a Xerusalén Celeste- resáltaa como Reina do Ceo.” (Marta Cendón, Unha realidade histórica e a súa materialización artística. O mosteiro de Santa María da Franqueira. Magníficat. Catálogo da exposición do Ano Xubilar. Vigo 2013)

A vida monástica remata no ano 1835 coa desamortización de Mendizábal. As propiedades e rendas do mosteiro son puxadas quedando todo en mans privadas excepto o templo que conserva o seu carácter parroquial e o edificio monacal, pois nas tres puxas non se presenta ningúen. Pasarán 30 anos para que o párroco D. Francisco Manuel Areal merque as dependencias na Facenda en Pontevedra polo prezo de 1.600 reais. Xa estaba moi deteriorado polo abandono e o saqueo, polo que, decidiu derribar a parte anexa á igrexa, deixando os muros nos que posteriormente se edificou a casa rectoral. Realizouse desta forma o que actualmente é o adro, deixando unha parte de pequena horta cun pequeno balado.

No ano 1882, despois dun desprendemento da cúpula do altar maior mentres se rezaba o rosario alertou á xente que tivo que abandonar o templo. Solicitada a inspección do arquitecto diocesano declarouse que a igrexa ameazaba ruína e moitos dos seus lugares, non so a cúpula, senón tamén o “cabildo”, un pequeno pórche que estaba na entrada da igrexa, e tamén, a torre que por unha tormenta se viuse abaixo algunha das súas partes. Decidiron encargar o proxecto de rehabilitación ó mestre canteiro Don Ignacio Cerviño Quintero e durante anos dedícanse ó traballo. Así queda rematada a obra coa torre que actualmente ten a igrexa, practicamente de nova traza desde a metade e que foi finalizada no ano 1895.

O novo século dálle un novo pulo á Franqueira. Así o mesmo Cerviño Quintero será quen de construír unha cruz xubilar financiada polas parroquias do contorno, e que, como as que están coroando moitas das nosas montañas, é un símbolo dos tempos que se aveciñaron no santuario. O interese pola Franqueira adquire unha proxección nacional ó ser visitadas as súa Romarías polos agüistas que viñan en excusións organizadas polo Gran Hotel de Mondariz Balneario. O escritor Ramón Cabanillas e o pintor Sotomayor, son dous persoeiros que fixeron o camiño de peregrinación polas súas promesas á Virxe, e que, deixaron coa súa arte o selo da súa devoción. O primeiro recollendo as coplas que os romeiros cantaban e refacendo o auto sacramental

que, desde a época dos monxes, se escenificaba na romaría. O segundo pintado un gran cadro que hoxe se pode contemplar no salón nobre do Centro galego da capital arxentina. Serán os periodistas Luis Galinsoga, que publica na "Temporada de Mondariz" a historia da Virxe da Franqueira, indo á Biblioteca Nacional a investigar, e, Manuel Lustres Ribas, o que tamén publique os seus apuntes sobre A Franqueira no mesmo medio. Os novos medios, hoxe obras de arte, como é a fotografía tamén teñen a súa presenza gracias ó traballo de Pacheco ou do tudense Gutiérrez.

A tarefa de cada párroco vai facendo posible a atención pastoral da Franqueira en todas as súas dimensións. Así é de destacar o labor entusiasta dun párroco, D. Ángel Espiñeira Otero, que chegou a publicar un pequeno periódico "La Franqueira. Periódico que sale cuando cuadra" e que nos da a oportunidade de descubrir algúns feitos da época. Relata, por exemplo, o proxecto de construción dunha nova estrada que pase pola Franqueira, e que nunca chegou a realizarse, ou o agasallo por parte do Sr. Alejandro Mon. da Gran cruz de Isabel a Católica á Franqueira e que lle fora concedida a el como Deputado en Cortes. Pero é gracias tamén a unha carta deste sacerdote e a un dos artigos do seu periódico o que nos da pe a adentrarnos na Coroación canónica, motivo polo que este ano celebramos o Xubileo da Franqueira.

No día 11 de xuño de 1916 o Bispo de Tui, D. Leopoldo Eijo Garay, realiza a visita pastoral á parroquia da Franqueira, imparte o Sacramento da Confirmación a un extenso grupos de nenos e nenas, non so da parroquia, senón tamén das circundantes e bendí unha cruz monumental. É domingo de Pentecoste e o Sr. Bispo pasa a noite na casa rectoral. Ó día seguinte celébrase a Romaría das Pascuillas e o Sr. Bispo está presente nas celebracións, observando os diversos ritos e acollendo ás parroquias que peregrinan. Nunha carta posterior, o párroco D. Ángel, lémbrale ó Sr. Bispo os palabras que alí pronunciou, que ante a devoción verdadeira dos millares de persoas que visitan o santuario, coroar canonicamente a milagrosa imaxe da Virxe. Poucos meses despois será trasladado á sede de Vitoria, e alí, en 1923 coroar á Virxe de Estíbaliz e potenciará a devoción ariana de Begoña e Aránzazu.

O Bispo Manuel Lago ocupa a se tudense de 1917 a 1923. Durante este período o párroco da Franqueira encárgase de ir recollendo as sinaturas necesarias, que é o primeiro paso para solicitar a Coroación. Así en 1923 asinaron a súa adhesión a esta celebración 8.797 persoas. Desgraciadamente o abade Espiñeira faleceu en marzo do ano seguinte con tan so 46 anos de idade.

Despois do paso breve de varios sacerdotes, non sen curiosidades, como o feito de que nas Romarías soltábanse globos de papel, ou había fogos de artificio, ou a excepcional, de que no ano 1927 proxectouse unha película de cine estando encargado da parroquia D. Xosé Fernández Parada. Ter en conta que a luz eléctrica non chega á parroquia ata o ano 1957. Finalmente nese mesmo ano 1927 encárgase da parroquia D. Xacinto Alonso Merino.

Permanece ata o a no 1940 que se traslada a Moreira. Son, como ben é sabido, anos convulsos e que tamén repercuten na vida do Santuario. Serán moitas as urxencias a atender e un proxecto que centrará a etapa deste sacerdote: a construción da casa rectoral nunha parte das ruínas do antigo mosteiro. Labor inmensa no medio dun conflito como é a guerra e a posguerra.

Sucédeo no cargo D. Manuel Iglesias Souto. Poucos anos despois pasa a rexer os destinos da Diocese Frei Xosé López Ortiz. Podemos dicir que son os nomes que máis soan con respecto ás tarefas pastorais desta época. Pero considero de xustiza sacar á luz o nome de D. Ignacio Noia Pejito, quen asinaba os artigos de prensa co pseudónimo de “el capellán del santuario”. Era D. Ignacio cóengo lectoral da Catedral de Tui, doutor en Teoloxía e gran devoto da Virxe da Franqueira. Estes son os personaxes da nova xeira que será o ano 1954.

O Papa convoca para toda a Igrexa a celebración dun Ano Xubilar con motivo do centenario da declaración do Dogma da Inmaculada Concepción. Poucos anos antes, 1950, o papa Pío XII declarara o Dogma da Asunción da Virxe. Podemos dicir que son anos, previos á reforma conciliar, eminentemente marianos. As iniciativas pastorais xurdidas a partires desta convocatoria son múltiples. Na nosa Diocese, o Bispo, Frei Xosé López Ortiz, especifica as indicacións chegadas desde Roma, entre ela, a de celebrar peregrinacións ós santuarios marianos. Así, o santuario da Franqueira declárase templo xubilar e iníciase unha das actividades pastorais quizais con máis esforzo que se teñan realizado. Entre os meses de xuño e xullo, a imaxe da Virxe da Franqueira peregrina polas parroquias do entorno do santuario. Foi precedida dunha Misión popular predicada polos P. Claretianos. Esta única saída tan longa na historia centenaria percorre 35 parroquias dos concellos de Cañiza, Covelo, Mondariz, Balneario, Pontearreas, Arbo e As Neves. En cada un dos límites espera a seguinte parroquia con xuntas de bois para cangalos ó carro procesional da Virxe. así, por exemplo, en Santa Mariña de Covelo, colocan en fila 24 xuntas de bois. Nalgunhas parroquias rézase o rosario cunha pequena plástica. Noutras celébrase a Santa Misa. Nas capitais de municipio, ou nas de maior importancia, algún representante civil le unha ofrenda á Nosa Señora. Pasa a noite nalgunhas das igrexas, onde por quendas, faise vela de oración ante a venerada imaxe. Todo un exemplo de esforzo e dedicación á Virxe. é de destacar a presenza do Sr. Bispo nalgunha das parroquias para sorpresa dos fieis, que aumentan aínda se cava, o seu entusiasmo. Durante este percorrido os comentarios do “capelán do santuario” na prensa van amosando o desexo do Sr. Bispo de Coroar canonicamente a Virxe da Franqueira e declárala copatroa na Diocese de Tui.

O santuario está a ter unha transformación con diversas obras de edificación das capelas, que a xeito de xirola, rodean o altar. Así, coa participación de diversos municipios, vanse conseguindo os fondos para esta obra de engrandecemento do templo, e que no día das pascuillas serva para colocar as imaxes que peregrinan ó santuario. No muro norte, na capela

central, hai unha carteleira exterior que lembra o centenario da declaración do dogma da Inmaculada.

As propostas do prelado non se deixan esperar. En decembro de 1956 constitúese a “Junta Organizadora para la Coronación Canónica de la Stma. Virgen de la Franqueira”. Está composta de catro apartados: A presidencia de honor, co Sr. Bispo e o Gobernador civil, así como autoridades provinciais, militares, locais, e eclesiásticas; as comisións comarcais, que está formada polos arcepresbiteros da Diocese, os alcaldes dos Concellos dentro da Diocese e os xuíces de 1ª instancia e os deputados provinciais; unha comisión de propaganda, que son os directores dos xornais, Faro de Vigo, Pueblo Gallego e Galicia Social, así como Radio Vigo, e o cronista oficial da Franqueira o Sr. Manuel Lamartín Vázquez; e finalmente, unha comisión executiva, presidida polo párroco da Franqueira e cos seguintes cargos: vicepresidente, o Alcalde da Cañiza, secretario, o cónego Noia Pejito, tesoureiros: D. José Lima, beneficiado da catedral e D. Librado casado, coadxutor de Santa María de Vigo, finalmente os vocais son D. Benito Alonso, párroco da Cañiza e D. José Alonso, párroco de Mondariz.

O Sr. Bispo publica unha “providencia” para realizar unha colecta diocesana, na que asemade de unirse toda a diocese a este proxecto, manifesta que todas as doazóns, tanto en metálico, como en xoias, será publicadas na prensa, como así foi. Os traballos de investigación están en bo camiño, resultado deste labor é a reedición do libro do doutor Rodríguez Sobrino “El santuario de Nuestra Señora de la Franqueira”, que tivera a súa primeira edición en 1941.

O ano 1957 é o de afianzamento no labor de recapitulación de datos: investigación histórica, recopilación dos milagres da Virxe, divulgación ás parroquias para a colaboración, adhesións e recollida de sinaturas, recollida de doazóns, proxecto da coroa, medallas e publicacións. Así en 1957, no mes de maio, o Concello da Cañiza, nomea á Virxe da Franqueira “Alcaldesa honoraria” e se lle fai entrega do bastón de mando realizado nos talleres Hernández de Vigo, onde xa se traballa na elaboración da coroa. Pasado todo o ano, na festividade da Virxe de Lurdes , 11 de febreiro do 58, asínase e envíase a Roma o expediente para a Coroación Canónica. Os tres tomos conteñen, asemade de todo a documentación sobre a Virxe da Franqueira, as sinaturas dos diocesanos e os donativos entregados por toda a diocese: parroquias, congregacións, asociacións, concellos, institucións e particulares, que fan un total de 600 folios. Dous meses despois chega a resposta positiva do Enmo. D. Federico Cardeal Tedeschini, arcepresbitero da Basílica Vaticana. Comeza a conta atrás para organizar a cerimonia de Coroación.

As condicións nas que se atopa o entorno da Franqueira non parecen os máis axeitados para acoller tal magno acontecemento. A falta de comunicacións, sen estrada, a luz recen chegada, o santuario ben pequeno, aínda que se fixeran xa as capelas do entorno do altar. Algúns membros do cabido propoñen que se celebre na catedral, pero a insistencia do párroco e dalgún membro capitular, conseguen que finalmente se opte polo santuario. Isto vai traer como consecuencia que se pospoña, cada ano dicindo “desta vez si”, ata 1963. Neste período multiplícanse as iniciativas: peregrinacións especiais, publicacións en prensa, ofrendas nas romarías de gobernadores,

alcaldes e militares, o nomeamento de “Alcaldesa do concello de Arbo”, en 1960.

No mesmo ano 1960 a Asociación viguesa da prensa fai a convocatoria do concurso para o Himno da Coroación. A letra foi realizada polo redactor xefe de Faro de Vigo, D. Xosé Jácome, afamado poeta mindoniense, e o premio son 4.000 pesetas. O premio conségueno o compositor D. Roxelio Groba, pontareán que xa destaca no eido da composición e da dirección. Este mesmo compositor, a instancias do párroco D. Manuel, compón un pasodobre “De Romaxe á Franqueira”, que coas 4.000 pesetas do premio gravan en Madrid un pequeno disco coa música. Recentemente foi publicada nun CD recopilatorio do autor.

Son estes anos e moitos cambios: a dobre capitalidade da diocese, a construción do Seminario Maior, a construción de novas parroquias na cidade de Vigo, a expansión industrial e a emigración, unha situación mundial de ameaza bélica, os novos cambios da Igrexa, sobre todo, o Concilio Vaticano II.

Pasadas xa as dificultades, por fin, a data escollida para a celebración ven sendo o día da Romaría de Pascuillas, o 3 de xuño de 1963. A lista de convidados é inmensa: os bispos das diocese de Galicia, os abades mitrados, o cabida catedral, autoridades políticas, militares e xudiciais de ámbito nacional, provincial e local; e, unha invitación a través dos medios, prensa e radio, de todos os diocesanos. Estase preparando con esmero a cerimonia: a liturxia pontifical, a escola cantorum do seminario, e todo ben disposto.

Pero, despois de anos de intensa preparación, tendo todo xa ultimado, o agravamento da saúde do Papa Xoán XXIII fai suspender a celebración. Será o falecemento do Pontífice o mesmo día en que ía ser coroada a Virxe da Franqueira. Pasados os tempos do loito ponse como data da Coroación o domingo 21 de xullo, xusto un mes da elección de Paulo VI. Moitos dos convidados reciben a nova e escusan a súa asistencia por ter outros compromisos. Pero que non falla é o pobo devoto que acude á masa á celebración. Todo resulta como estaba previsto e no “Alto da Coroación” o Sr. Bispo Frei Xosé, coloca na imaxe do Divino Infante de da Virxe Santísima as coroas agasalladas por toda a Diocese, como homenaxe e manifestación de devoción secular.

No balance de contas constan os seguintes gastos desta celebración: a feitura das coroas 128.355 ptas., o manto da Virxe 22.000 ptas., o estandarte da Virxe 6.375 ptas., a propaganda en Radio Vigo, 6.431 ptas.

D. Manuel Iglesias falece o 1 de xaneiro de 1964 vendo cumprido o seu desexo e ó que lle dedicou gran parte do seu labor pastoral.

A reforma conciliar trouxo tamén unha crise de identidade pastoral dos santuarios, hoxe recuperada, e a devoción mariana e a piedade popular, que pasaron a un moi segundo plano. Na Franqueira fixéronse moitas iniciativas para promover o culto como as marchas penitenciais, e a construción de novos espazos: o “Coto da vella”, o Vía crucis monumental, a asociación “Amigos de la Franqueira” con grandes artistas como Xoán Piñeiro e Lugrís. Pero tamén había outras urxencias de restauración e de acondicionamento que foron necesarias acometer.

Para non alongar en demasía este artigo mencionar a celebración dos 25 anos da Coroación no ano 1988, sendo párroco D. Xosé Diéguez Dieppa. Estábase a celebrar o Ano mariano convocado polo Papa Xoán Paulo II, e tamén, foron moitas as iniciativas levadas adiante nesa ocasión: peregrinacións de parroquias e colexios, as vixilias mensuais da Adoración Nocturna no santuario, a celebración da Asemblea Diocesana de Catequistas, e no día 23 de xullo o Sr. Bispo, D. Xosé Cerviño, consagra a Diocese á Virxe da Franqueira, no marco da celebración do aniversario. Outra das novidades deste ano foi a emisión en directo, o día 8 de setembro, da celebración da Romaría pola televisión de Galicia.

A renovación pastoral veu da man de novos materiais de devoción, como a publicación no ano 1999 dunha novena. E o recoñecemento civil declarando as romarías de Interese turístico de Galicia.

Por último so queda apuntar a celebración neste ano 2013 do Xubileo concedido polo Papa Bieito XVI con motivo dos 50 anos da Coroación canónica. Previa a esta concesión recibíuse no 2012 o “Vínculo espiritual coa Basílica papal de Santa María a Maior de Roma”, polo que os peregrinos reciben as grazas da indulxencia nos días da Solemnidade da Virxe María e unha vez ó ano, cando o fiel escolla.

Clausurado a Ano Xubilar son moitos os peregrinos que acudiron ao santuario da Franqueira e renovar a fe e a recibir, do Señor, por medio de María, a gracia da misericordia. Que a experiencia do Xubileo se proxecte no día a día dos devotos da Virxe da Franqueira. Debemos seguir a traballar por coñecer mellor esta advocación singular da nosa Diocese e promover o seu culto por todo o seu territorio. A Nosa Señora da Franqueira coída de cada un dos seus fillos e fillas.

Xabier Alonso Docampo

Párroco- rector da Parroquia- santuario de Nosa Señora da Franqueira